

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Fai un esquema coas principais funcións vitais.

3.- Pon exemplos de estímulos externos que podamos percibir por cada un dos sentidos.

4.- No noso corpo existen dúas pituitarias, busca información e indica a súa función.

5.- Que son os conos e bastonciños que temos nos ollos?

6.- Que elementos forman parte do aparello locomotor?

7.- Isabel escoitou un son moi forte e xirouse inmediatamente. Explica esquematicamente os pasos que deu o seu corpo para realizar ese movemento.

Ficha 1

- 8.-** Por que están formados os nervios?
- 9.-** Cales son as diferenzas entre o sistema central e o periférico?
- 10.-** Que consecuencias pensas que pode ter para unha persoa unha lesión no cerebelo?
- 11.-** Debuxa unha vértebra e explica como protexe a columna vertebral á medula espiñal.
- 12.-** Explica cal é a causa das paraplexías.
- 13.-** Cal é a diferenza entre os dous tipos de nervios que temos?
- 14.-** Ante distintas situacións pómonos “nerviosos”, que cres que pasa no noso corpo?
- 15.-** Indica unha situación na que realicemos un movemento voluntario.
- 16.-** Por que os movementos voluntarios teñen unha “función protectora”?
- 17.-** En gran parte dos movementos involuntarios non intervén o cerebro, a que cres que pode ser debido?
- 18.-** Unha das principais cualidades que deben de ter a maior parte dos deportistas é a de “ter bos reflexos”. Que quere dicir isto?
- 19.-** Cal é a función do sistema endócrino?
- 20.-** Que son as hormonas?
- 21.-** Se unha persoa acude a un médico endócrino, cales poden ser as súas doenzas?
- 22.-** Nunha revista podemos ler “La hipófisis se sienta en la silla turca”, a que se refire?
- 23.-** Moitas persoas diabéticas deben inxectarse diariamente insulina. Por que?
- 24.-** Que é un traumatismo e que pode ocasionar?
- 25.-** Cando se di que unha enfermidade é dexenerativa?
- 26.-** Infórmate e indica as lesións que pode ter un ciclista nun accidente no que non levaba casco.